


**XOSÉ
MARÍA
ÁLVAREZ
BLÁZQUEZ**

ACTIVIDADES PRIMEIRO CICLO



**DÍA DAS LETRAS
GALEGAS
2008**

Xosé María Álvarez Blázquez



A colección O MOUCHO, que se promocionaba como «Libros do pobo para o pobo» non era máis que un intento de crear unha auténtica biblioteca popular galega.

O seu primeiro volume, *O Catecismo do Labrego* foi un auténtico supervendas: trinta mil exemplares en tres anos e en dez edicións.



letrasgalegas2008



Xosé María Álvarez

Caricatura de Xabier Domínguez

O escritor Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevédresa de Tui no ano 1915.

Foi mestre en Galicia e Zamora e profesor de instituto en Vigo.

Traballou pola cultura galega, creando varias editoriais, Monterrey e Castrelos, para publicar libros en idioma galego. Tamén

escribiu libros de poesía, contos e outros nos que contaba cousas da historia de Galicia. Un dos seus libros de poemas máis importantes leva por título *Canle segredo*, dedicado á súa muller María Luísa. Outras publicacións importantes son *A pega rabilonga* e *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa filla Colorín, pero tamén escribiu moitos artigos periodísticos, programas radiofónicos, obras de teatro... mesmo chegou a traballar na radio inglesa, contando cousas de Galicia e dos galegos.

Polo seu labor en defensa da lingua e a cultura galegas, ao longo da súa vida, a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras, o dezasete de maio de 2008.

1.- QUE SABES DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ? _____

1.- A quen se lle dedica o Día das Letras Galegas?


2.- En que vila pontevedresa naceu?

3.- Onde traballou de mestre ?

4.- En que idioma editaba os seus libros?




2.- ABRE OS OLLOS! _____

Colorea neste rebumbio os nomes dos autores e autoras aos que non se lles dedica o Día das Letras Galegas de 2008.



3.- POLO CAMIÑO ADIANTE

Escribe debaixo de cada debuxo o seu nome e risca as súas sílabas no camiño. Coas sílabas sobrantes formarás o título dunha obra poética de Xosé María Álvarez.



ÑO CHU VI A


DA

RO

RI SOL

LE

BES



PE NU

DE A

DOR CAN

PES CA










O

TÍTULO



4.- INVESTIGANDO

Canle segredo é o título dun libro de poemas de Xosé María Álvarez. Descubre ti a clave secreta que se atopa detrás destes debuxos e poderás ler o nome doutros catro libros escritos por Xosé María.



ARCO DA VELLA

Xosé María escribiu libros de poemas, obras de teatro, artigos...
Un deses libros de poemas dedicoullo á súa primeira filla María
Luísa, á que lle chamaba Colorín.
O libro titúlase ROSEIRA DO TEU MENCER e nel aparece este
poema.

Arco da vella

vaite de aí

que as nenas bonitas

non son para ti.

Fuxe chuvia, fuxe sol,

fuxe roda de color

que a neniña quer brincar

coas areas do areal.

Vaite néboa, vaite vento,

vaite cara de mal tempo

que a neniña quer correr

polas areas do ler.

¡Ai, miña neniña, nena,

non se vai o arco da vella!



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ
Roseira do teu mencer

5.- LECTURA COMPRENSIVA

1.- Quen se ten que ir de aí?

2.- Que quere a neniña?

3.- Con quen quere brincar?

4.- Con quen quere correr?

6.- FACEMOS RIMAS?

Localiza a palabra do debuxo que rime coa subliñada.

Vella rima con



Sol rima con



Vento rima con



Correr rima con



7.- SOPA DE LETRAS

Descubre nesta sopa de letras as sete cores do arco da vella.

VERMELLA
LARANXA
AMARELA
VERDE
AZUL
ANIL
VIOLETA



V	E	R	M	E	L	L	A
I	S	D	L	H	F	L	E
O	B	S	A	X	Ñ	G	D
L	V	E	R	D	E	F	H
E	A	M	A	R	E	L	A
T	B	S	N	A	Z	U	L
A	L	F	X	B	G	Z	D
S	Ñ	X	A	N	I	L	H

8.- UNHA COUSA POLA OUTRA

Substitúe as palabras destacadas por outras do recadro.



GUAPAS SALTAR RAPAZAS

A nenina quere **brincar**.

As **nenas bonitas** non son para ti.

9.- ESCRIBINDO EN CLAVE

Cambia os debuxos polas vogais correspondentes e poderás completar un versos de *Triadas da Pelerinaxe* escritos por Xosé María Álvarez Blázquez. Failles unha ilustración.









10.- VAIA REFOLADA!

Observa as viñetas, escribe ti o que pasou e colorea.

TÍTULO



Había




Despois



Ao final

11.- AS AVES

Localiza o nome das seis aves que aparecen neste encrucillado. Lembra que tres delas aparecen no poema de Álvarez Blázquez.



COTOVÍA REISEÑOR CORVO MIÑATO MERLO RULA






UN PEQUEÑO DEBATE: O IDIOMA


Xosé María tamén escribiu algunhas cousas en castelán. Comenta-
de na clase as seguintes cuestións:

- 1.- En que idioma falas normalmente?
- 2.- En que idioma falas cos teus pais?
- 3.- Que idioma usas para falar co profesorado?
- 4.- En que idioma falan eles contigo?
- 5.- En que idioma prefires que falen contigo?
- 5.- Por que cres que Xosé María Álvarez escribiría en castelán?
- 6.- Por que cres que debemos usar o idioma galego?
- 7.- Como convencerías a alguén para que fale en galego?

12.- QUE TEMPO VAI HOXE? _____


Observa o tempo que vai durante esta semana na que se celebra o Día das Letras Galegas e completa o climograma.

MAIO					SÁBADO DÍA DAS LETRAS GALEGAS
12	13	14	15	16	
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
 	 	 	 	 	




13.- QUE SABES DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ? _____

1.- En que vila pontevedresa naceu Xosé María Álvarez Blázquez? Colorea nas que non naceu.



2.- Colorea da mesma cor o anagrama e o nome das editoriais e as coleccións creadas por Xosé María.



3.- Saberás contestar a estas cuestións?

Quen foi a primeira escritora homenaxeada no primeiro Día das Letras Galegas?

Que autor é homenaxeado este ano no Día das Letras?